

A ROSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 82

A CRUÑA 25 DE FEBREIRO DE 1919

TERAPÉUTICA URXENTE

OU SERVILISMO OU REBELDIA

¿Quén di que os gallegos non progresamos? Xa temos que poñer no martiroloxio da terra irredenta un nome mais: Sofán, Lembrádevos de Osera, de Nebra, de Narón, d-aqueles sucesos nos que, como sempre en Galicia, rola ron pol-o chan cabezas de mulleres, de vellos ou de nenos. A forza cébase nas multitudes inertes, aquí en Hespafia, con un ensañamento tráxico que fai pensar en que, por un determinismo de ocultos desíños, retornamos ás edades en que solo o instinto era a luz directora das accións dos homes.

¿Qué temos que pensar diante d'este novo caso? Cicais xa non é hora de pensamentos, cicais haxa a triste necesidade de matar no cerebro a illación de pensamentos que buscan orixe ós males e orientación lóxica pra remedialos. Hay povos en que fracasan todas as normas ideolóxicas, porque a voz dos escolletos, a labor das "élites", cal en terreo baldío, en atmósferas espirituales impermeables a percepción das grandes enunciacións redentoras. O povo típico n'este xeito é Hespafia. Despois da guerra como antes da guerra, no povo hespañol subsiste a mesma pasividade e a mesma cegueira diante os problemas de mais opresión urxente; e no Estado hespañol, nos gobernantes de "dublé", e nas mesnadas políticas que dirixen, en vez de ser dirixidas, o rebafío, non hay por qué decir que todo sigue o mesmo e que seguirá namentres as masas populares, cheas de fame, que a falta de ideas e o aguillón mais eficaz, non se revolvan e, aferroxando a vindicta pública ós que as sosteñen n'unha afrentosa condición de eunucos, tomen a xusticia pol-a maú.

O substitutivo do pensamento nas clases escolleitas é a preconización da rebeldía, seguida da acción necesaria. Un ministro da coroa acaba de decir que nas loitas políticas e sociais d'Hespafia hay solo un dilema: Servilismo ou rebeldía. ¿Non é verdadeiramente estrano que das esferas gubernamentais xurda unha fórmula terapéutica semellante? Pois ben: o servilismo é a realidade viva, irritante e dolorosa da Hespafia, e xa vedes os froitos que ven dando; o servilismo é a condición en que viven todos os factores nacionais, así as institucións como as concencias individuais, o servilismo mais oprobioso e negativo do

libre xogo das forzas do home é a condición precisa sine qua non da existencia e subsistencia persoal. Non compre, pois, outra cousa que a rebeldía. Unha actitude de rebeldía significa por si mesma unha noble acción, un outo desexo de liberación; é, si pode decirse, ó protoplasma das grandes liberacións, a preparación para conquistar unha nova realidade mais en armonía cos ideas de liberdade, xusticia e democracia dentro da sociedade dos homes. Rebeldía en transixir co estatuído. Rebeldía en

Osera - Nebra - Narón - Sofán

Acordaivos galegos d'estes nomes tráxicos. Por patriotismo, por humanitarismo, por amore á xusticia e ó direito. Acordaivos que eses nomes tinguidos c'o sangue de pobres mulleres da raza, resoan coma ecos d'un desexo de futura vinganza. Pol-as vosas nais, pol-as vosas irmás, pol-as vosas donas, pol-as vosas fillas, lembrádevos das nais, das irmás, das donas, das fillas que morreron ou choran mortos queridos naqueles catro logares da Terra asovallada.

Chantade no corazón a bandeira tremante d'un odio eterno para os culpabres de tan bárbaras traxedias. Pensade que isas traxedias non se rexistraron endexa mais en ningún pobo civilizado. Pensade que n'un pobo civilizado si fosen mortas mulleres, e entre elas mulleres velliñas, e feridos nenos, tódol-os cidadáns esixirían xusticia, ateigados d'indignación e xenreira.

Tódol-os cacicatos galegos están xa tinguidos de sangue inocente. Ningún ten nada que botarlle na cara ó outro. As suas máns, com'as de "Macbet", non atoparían auga d'abondo no mare para poder lavárense. Nebra-gassetismo; Narón-garciprietismo; Sofán-idoneismo conservador. Todos o mesmo.

Quen, chamándose liberal, democrata, republicano, amante da cidadanía, siga sostendo contacto político con ese cacicatos noxentos e marroquis, merecerá o nome de miserabre.

¿Hai galegos dinos? Agora verímolo.

someterse as pautas directrices impostas pol-o rutinarismo fallo de sustantividades ideolóxicas. Rebeldía pra protestar contra todol-o ruín e todol-o inxusto. Rebeldía diante de todol-o que teña un selo de abuso ou de cercenamento de principios que deben ser a divisã invulnerable de toda persoa civilizada.

Velal o significado profundo da rebeldía—n'un senso espiritual—ese valor eficiente que tuvo na historia dos pobos modernos unha enorme virtude dinámica. Pro queremos darlle tamén á rebeldía outro sentido: o de actitude revolucionaria. Os sucesos de Granada contra o caciquismo promovendo na Hespafia un xeneral movemento de protesta, danlle a ese procedemento un outo valor. Alguns caciques pra librarse das consiguientes reaccións, buscan a tempo o camiño da suas casas, renunciando a unha propiedade de almas que é un oprobio escandaloso n-este século. ¿Seguirán ese camiño os caciques gallegos, os pequenos oligarcas onde esa forma de tiranía feroz ten as cores mais negras e vergoñosas?

O caso de Sofán é unha de tantas consecuencias do caciquismo rural de Galicia. Nós, partidarios das transformacións evolutivas, xa non temos fé na pedagogía cidadana, que daría seus froitos demasiado tarde, e coñecemos, diante da realidade e do coñecemento dos problemas latexantes, que a millor receta pra reivindicación dos pobos aldraxados e prá libertades cidadanas é a actitude de rebeldía.

Diante d'un pobo posto en pe non valen os másters nin as voces de mando oficiais. Creélelo. Sede rebeldes. Conqueride d'ese xeito os direitos que Deus lle dou ó home sobor a codia da terra. Sede rebeldes. Rebeldes contra o atropello, contra a inxusticia, contra o aldraxe. Rebeldes contra todol-o malo e ruín. Sempre rebeldes.

ROBERTO BLANCO TORRES

O xuez de primeira instancia de Carballedo, demostrou que non tivo arte nin parte na traxedia de Sofán.

O xuez municipal, quer demostrar o mesmo.

Despexadas istas responsabilidades, pódese pensar na do alcalde. Mas si o alcalde tampouco é responsable, ¿quén chamou a guardia civil? ¿Quén ten autoridade para dispoñer da forza pública n'unha vila, fora d'eses señores? Un médico, verbigracia, non; un porteiro, menos ainda. Veremos si a culpa non foi de ningún. O conto de Meco.

Verbas d'un neno

Bulra sanguineta

A gran traxedia pol-a liberdade dos pobos está desarrollándose n-estes momentos en toda Hespafia. Xa non é soyo a valente Cataluña, a que reclama os seus dreitos pol-a forza, siñón tamén algunhas d-as provincias da rexión andaluza, na que governa chulesca e descaradamente o sanguento caciquismo, irmán do tirán e dono da noxenta política hespañola.

Granada cansa de sufrir as escravitudes e desgobierno d'un caciquismo chulo e inhumano, erguéuse pra reclamar pol-a forza a súa liberdade, q-un señor cacique tiña aprixloada. As ruas da histórica Granada, foron regadas co sangue da traxedia, vertido pol-as inocentes vítimas do Poder Central que non soupo solucionar o pleito da liberdade que días de loto dou a Granada.

O partido conservador leva sobor de sí, a sombra das vítimas da folga d'Agosto, como o actual gabinete levará as das traxedias desarrolladas n-estos momentos en Hespafia.

A escrava Galicia, a dos perseguimentos e atropellos, non podía quedar muda nos momentos da gran loita. Os caciques que fixeron de Galicia un pobo d'escravos, tiñan qu'amos-trar ante Hespafia enteira qu'os unecos donos da xusticia en Galicia son eles. E o imperialismo matón e tirán do cacique gallego fixose ouvir n-estos momentos n-unha d-as comarcas d'escravos, jen Sofán atropellouse a vountade do pobo por riba de todas as leises, e as traxedias de Nebra, Narón e Osera, repltense agora na comarca carballesa.

Mulleres e nenos foron esnaquizados, como dixo o Sr. Peñador, pol-os representantes do Poder Central, que ordenados pol-o cacique que é o representante da forza y as leises, fixeron fogo contra d'as inocentes vítimas que agora todos choramos.

E mester qu'os gallegos, deixemos de ser espectadores da traxedia, e pensemos en ser actores do movemento redentor de Galicia.

A gran traxedia dos circo romanos, foi executada en Sofán; as inocentes vítimas foron rodeadas de metralla, com-os circo romanos o eran de feras, ¡feriron mulleres e nenos! ¡que importa! a vanidade bulresca e sanguenta d'os caciques, quedou satisfeita pra que sirva d'exemplo ós demais servos.

Debemos traballar pol-o conqwerimento das nosas liberdades, pra que cando se trate de cantar as escravitudes de Hespafia, non nos señalen os gallegos, com as concencias castradas de Hespafia enteira.

¡Gallegos apersurá levos a loitar pol-o conqwerimento da cidadanía, que si non o fazedes n-estos momentos merecedes ser chamados, ¡non homes! siñón castrons.

Por dignidade e por vergoña debemos amostar ante Hespafia, que somos homes.

¡Coa man enriba da bandeira azul e branca,

da bandeira de Galicia Xuremos vengal-as vítimas do noxento caciquismo que ten tan asoballada a nosa fermosa Galicia. Gallegos, o úneco camiño a seguir en Galicia: collela fouce e afiala, qu'ó día da santa vinganza esta preto.

TOMÁS R. SABIO.

A Cruña, 25-2-1919.

Contos do adro

A SANTA SEDE

Traballo custoulle ó crego, mais o que é vencer venceu n-unha loita qu'emprendera contra o vicio de beber que tiña de moitos anos, o seu criado Manoel. Con tal xeito predicou, de tal mod'ó convenceu, que o criado, d'nd'aquela, non se l'ocurriu beber e d'un gran borracho qu'era, tornouse un home de ben. Máis alegre c-unhas cunchas estaba o crego de ver resultado tan soberbo, e tamén o criado s'alegraba de non tornar a beber, porque elsi aforraba cartos e non se bulraban d'él os rillotes, cando vian borracho. Pero ninguen diga nunca: "D'estas augas (ou viños) non beber!", porque pode socederlle tal coma lle socedeu ó criado d'iste conto.

Vades ver.

Lía o crego certo día n-un papel que lle mandaran da vila, unha cousa d'enterés sobre d'as negociacions que s'estaban a faguer antr'o Goberno d'España y-o Vaticano. Manoel, qu'estaba cabo do crego, escoltaba sin perder unha palabra siquera de tod'ó que lía aquél, e reparou qu'ó predicó, repetindo máis de dez veces a frase, falaba da Santa Sede. Entendeu qu'iso quería decir outra cousa, y ó papel botando unha longa ollada, díxolle o crego: —¿Non vé com'a sede e santa? Pois tamen é santo o beber. E na taberna parou da carreira que deu.

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

Verdá doorosa

E triste que os nosos labregos, se deixen matar pol-a defensa d'un baldaquino coma n'Osera, ou pol-o cambio de camposanto, coma en Sofán. Que consuman as suas enerxias por esas cousas, cando n'outras de máis transcendencia xeneralmente son nulos.

En Osera, lles non importaba o baldaquino como obra de arte, senon como ouxeto tradicional. En Sofán loitaban tamén por tradición un pouco atávica.

Pol-o baldaquino e pol-o camposanto, ¡todo! En troques porque lles roubeu o voto, porque os castiguen con impostos inxustos, cando se rebelan contr'os señores donos de vidas e facendas, porque tomen os caciques ás suas mulleres e fillas cal ouxetos da súa propiedade, porque os fagan iren a emigración forzosa, nada din. Fican mansiños, homildosos, escravos.

Vede os mozos e os xa non mozos, das nosas aldeas, matándose por un vaso de mal viño, pol-a coquetería d'unha muller, por parvadas localistas. E cousa corrente. Isto demostra que non son cobardes antre eles. Demostra que sinten o "mito da autoridá",—de que falou Mella—pois de home a home non se atemorizan. Somentemente baixan a cabeza, cheios de respeto, ante o cacique. Ñoran—a causa do mal é ñorancia e ineducación—que cando por cativerías fan correr sangue, son despreciables e que serían en troques dinos d'atención—¡com'o médico do Povo, com'o farmacéutico de Fene!—si ante o cacique que atenta contr'os dereitos cidadáns, sintiranse tan farrucos como ante o mozo amigo, na taberna ou no baile ou na rolda.

Cando os mozos galegos se decaten—perdendo o mito da autoridá—que o cacique é un home com'os mais e procedan en consecuencia, o caciquismo botará as suas contas.

Namentras así non sexa, riránse tódol-os caciques—que acostuman a chamarse moi cristianos—das mulleres e dos nenos que cayan sangrando no chán da aldea.

BOICENTRIL

Noso querido amigo e irmán, don Francisco Tettamancy, agasalounos con algúns exemplares do folleto periódico ¡Terra a nosa! onde se publica o seu poema tan gabado xa antes d'agora, «O Castro de Cañas» (Boicentril).

A crítica fixo o xucio da notabre obra, e pol-o mesmo a nos tócanos somente acusarlle recibo do valioso envío.

Dámoslle gracias, ficando moi obrigados ó señor Tettamancy, pol-a súa fineza. Este don Fuco, tan bón e tan culto, e un dos homes de Galicia que mais fixo por darnos a conecer os valores da Terra Traballador incansable, ten na poligrafía rexonal un nome prestixioso. Goza d'unha xusta sona.

A falta de relixión...

CONTTO

Recostado na cadeira do seu despacho, tendo por diante a mesa-ministro, o deputado a Cortes conservador pol-o distrito de X, ouvía atento as parolas d'algús amigos que arredor d'ele achábanse.

Falábase d'un asunto grave. E todos berraban co'a face envermelhada, erguendo os puños no ar, onde o fume dos bos xarutos cubanos tecía un encaixe sutil e bretemoso.

Chegoulle ó deputado a vez de botar o seu coarto a espadas. Era obrigado que ele fixera o resumo das conversas pondo definitivamente os puntos sob'as ís. E recostándose mais na cadeira, loíndo o busto vestido de negro no que brillaba a pecheira da camisa e esclataba a pedra do cravillo chantado na cravata, díxo:

—Meus amigos, e intolerable o feito que comentamos. Os obreiros non teñen relixión non crén en Deus, e pol-o mesmo son capaces de atentare contra a vida dos patróns, só porque a ístes se lles ocorre non darlles traballo. Si teñen fame, si teñen muller e fillos que manter que s'h millen, que non anden con esixencias. Pero qu'íren mandar mais que os amos; queren facer folgas e ganalas. E cando as ven perdidas, como agora socedeu, un desalmado céballe un tiro ó noso correxionario o fabricante D. Faustino. Repítovos: a causa de todo é a pouca relixión, a falla de temor de Deus.

Tódol-os presentes acolleron con entusiasmo as palabras do deputado. E o deputado, logo de botar máis do reló, concluíu:

—Sñiores, e hora de irmos á misa e de cumprir c'os nosos deberes de bós cristianos. Temos que dal-o exemplo. Eu, pol-o menos, quero seguir fiel os costumes dos meus maiores. Un domingo non poido deixar d'íre a igrexa. Están a cair as once.

Cando volveu da igrexa satisfeito de ter cumprido co'a lei de Deus o deputado, atopou-se no despacho c'o segredario do Concello de Fita, pertencente ó seu distrito. Saudáronse con moito afeuto, e o segredario, sin andar con rodeos, como quen está afeito a non perderlo tempo, díxo:

—Tráime por acá unha mala nova. O delegado da Facenda acaba de botar por terra, desaprobándoo o reparto de consumos que nós fixéramos d'acordo con vostede para castigar a aqueles que foran nas eleccións derradeiras contra da vosa candidatura. Agora teremos que refacer o reparto. Vostede ¿qué nos aconsella?

O deputado ficou un momento pensativo. Logo, falou así:—E un pouco sería a cousa, pero... escolta: Ese delegado da Facenda líñora a fonda amizade que eu teño c'o ministro da Gobernación. Vou escribirlle de camiño ó ministro e o meu x-fa político. En Madrid atenderánme. Namentras, vosoutros, no novo reparto volve a castigar os enemigos... A segunda reclamación d'ístes non prosperará si Deus quere. Duro, duro con íles para que adeprendan a ser razonables.

O segredario, refregando as mans, cheio de satisfacción, só díxo:

—Está moi ben, sñior, o mesmo li'aconseillei eu o alcalde. De irmos ás boas, aquel concello perigraría para nos. Termemos d'el ou seron...

Dispidíronse o segredario e o deputado. Cando íste ficou só, na igrexa veciña da súa casa as badaladas da oración do medio día resoaron espallándose pol-o ar calmoso.

E o deputado, bisbiseou unhos rezos logo de santiguarse devotamente.

O veciños do concello de Fita a quenes o segredario recargara pol-a segunda vez no reparto do consumos, erguéranse en protesta pacífica contr'os caciques da aldea. Axuntados en fato imponente escomenzaron a berrar plíndolo xusticia fronte da casa do alcalde. Eran mulleres e homes que por vez primeira erguíanse rebeldes, mulleres e homes, vellos na súa maioría, que honradamente ganaban o pan traballando a terra c'o suor dos seus rostros.

O alcalde de Fita comunicou con ademlra bre rapidez ó gobernador da provincia novas do alzamento, plíndolle a forza pública precisa para garantir o orde. O gobernador, logo de conferenciar c'o deputado, mandou algunhas parellas de civís, "Hal que manter o orde a todo custe," díxolle o deputado. "As cidades están perdidas e si no campo non poñemos unha man dura..." "O principio d'autoridá ten que facerse respetar sempre," "Vostede, sñior gobernador, como é alleo ós nosos costumes non conece o terrible que sería un alzamento de labregos. Atalémol o axilía. Convén que vostede poña á disposición do alcalde de Fita a forza pública. Non desimparemos a súa autoridá."

O principio d'autoridá salvouse, como desexaba o deputado conservador. O orde ficou restrabecido. Caíron algús dos labregos rebeldes mortos e outros feridos pol-o mauser. As familias d'estas vítimas tiveron que pagar o recargo do consumo, amén de vestir loto. O xornal orgo do deputado na capital da provincia, escomenzou unha rexa campaña para esixir responsabilidad ós malos aconselladores dos probes labregos rebeldes.

E o deputado, tendo axuntados os seus amigos no seu despacho, falando da traxedia, díxo:

—Valse perdendo o temor de Deus. ¿Que remordimento de conciencia deben ter os cabeclillas dos labregos de Fita! ¿Causaron un día de sangue! Hal que encomendal os al Sñior nas nosas or c'ós de ferventes cristianos para que volvan ó bon camiño... A falla de relixión, a falla de relixión. D'isto ben todo. ¿Pobre da sociedade si non tivera para velar por ela o noso senso conservador!..

ARIN.

UNHA CARTA

As carnes e as fariñas

Sr. Dretor d'A NOSA TERRA: V fien os xornás falando do escandaloso pleito da carestía da carne e da fariña. Ningún d'eles por a man na chaga.

As fariñas baixarian de prezo, sinxelamente, si decatados os galegos de que unha das cousas que mais os asoballan e o arancel protelcionista dos trigoelos castelás, esixiran, no nome da súa liberdade e do seu dereito a vida, que os Gobiernos deixaran entrar, sin os bárbaros impostos que agora teñen, os trigoes estranxeiros na nosa Terra. Pero o problema arancelario—vergoñosa e terrible camisa de forza para nós—é desconecido para a maior parte dos galegos.

¿E ó das carnes? Os vilegos que coldan que toda Galicia son eles e que o resto e o millor

de Galicia—o campo—debe sufrir para que eles vivan, sempre apelan ó mesmo remedio: o de plíren que se prohiba a esportación do gando. ¿E si a aldea non quere esto, e a aldea e o mal e o único bon da terra? Non, non se pode ir contra da aldea, porque si a aldea desperta ¡poucos demócratas e radicás de double han caere vítimas da foucel!..

Si a Cruña quere ter carne mais barata, que esixa do seu Concello unha cousa mol doada: que s'autorice, pol-o tempo que sexa preciso, a introdución de carnes de Monelos na vila.

¿Que isto pode perxudicar a algús carniceros electores? Sairá en troque beneficiado tod'o mundo.

E non se nos veña con andrómenas; non se nos diga que a saude pública podeira sufrir con isto. ¿No matadelro da Cruña dispónse dos medios necesarios para facer reconecementos infalibles das carnes? Non. Mais inda que se dispuxera: ¿cántos veciños de Monelos foron vítimas da carne que all mercan e comen mais barata que nós? ¿Qué reconecementos teñen, que garantías ofrecen as carnes de porco, chourizos, etc., que de fora chegan a Cruña? E sin embargo, non pasa nada. Nin pasa nada inda que o bacalao seña como queira e veña como lles pete os comerciantes.

Autorícese, pois, hastra que os carniceros da Cruña se poñan en razón a introdución de carnes de Monelos e veremos como non fan falla reguladoras municipás. Ou tamén, si se quere, autorícese a actual "Reguladora," da Cruña para que establecida fora de portas poida mandar a carne acó...

Non se resolve o problema porque non quere resolverse. E xa que o público e tan carneiro e líñoraute, ten o que merece.

Moi obrigado á súa hospitalidade, S. Dretor.

LOIS RODRIGUEZ PENA.

O gobernador civil da provincia, según limos nos xornás da Cruña, falou d'"elementos estraños," refiríndose ó de Sofán, logo da súa visita ó lugar da traxedia.

¿Pero coidará o noso Poncio que si houbera "elementos estraños," en Sofán—eses elementos estraños de que falan sempre os políticos, son os homes libres, d'espírito cidadán e rebeldes por conciencia—él podería camiñar tan tranquilo, como camiñou, por terras carballesas?

En momentos d'alitación colectiva toda persoa-símbo é ouxeto de curiosidade. E o Poncio, repersenta o centralismo apodrecido, o réxime caduco no que somente é posible que haxa unha traxedia coma de marras.

En Sofán, o mesmo que n'outros moitos pobos galegos, somente hai pobres labregos escravizados, cheios d'inconsciencia. Millor caminarian si á súa beira xurdisen "elementos estraños,"



Este é o famoso "¡Probe Xan!" do imenso Castelao. Este é un apunte, que logo reformou, do noíabre "oleo" que na «Irmandade» da Cruña está hoxe coma unha reliquia, dispois de ter figurado na Exposición Galega. Este probe Xan pide unha esmola beira d'un camiño. Este probe Xan ficou inútil por mor d'unha bala de máuser. Este probe Xan é o símbolo actual perpetuado no lenzo pol-os pincés do pintor mais enxebremente xenial da nosa raza.

PALABRAS DE PÉREZ SOLIS

A doenza e o remedio

Dise que hai caciques e caciques. Non. Todos son uns. As pillerías de cada cacique hai que poñelas na conta de todos. Cando se vive na séde d'un oligarca d'ises, é doado comprobare que, si él é conservador, lle non falta o apoio oficial cando mandan os libérras, e viceversa... Mandc Xan ou Pedro, pol-o concerto tácito que existe entre os caciques hespañoles, cuia soberanía é superior a total-as constitucionás, no feudo d'Alba, tódol-os resortes do Poder serán postos en mans albistas; no de Romanones, serán dados ós romanonistas; no de Besada ós besadistas, etc. E a isto se lle chama orde e bon goberno d'Hespaña. Os caciques por instinto de conservación o non poden deixaren perecer a ningún dos seus.

¿Por qué, pois, se lle dou belixerancia a uu cacique tan sinificado coma Alba nas protestas palramentarias contra o caciquismo de Granada? Millor tería sido reclamar fortes medidas de represión contra tódol-os caciques, non samente contra un Lachica, sinon contra os Alba, os Riestra, os Besada, os Calderós, os Garcías, os Romanones, columnas fundamentás do réxime político hespañol. Todos son uns. Pol-o mesmo, temos que pidir o desbotamento de todos si Hespaña non ha seguir sendo o pais dos caciques. Pero isto quizais non haxa que agardalo d'un Palramento caciquil, onde o voto dos cidadáns libres está abafado pol-a escravitu do campó, famento e iñorante, ós caciques. ¿Entón? ¡Granada!

O SEÑOR GARCÍA TRABALLA...

APROPOSITO DE DESPROPOSITOS

Un vello copleiro alleo residente na Cruña, ten feito un Apropósito carnavalesco en colaboración co director do *Ideal Gallego* señor García Ramos.

Non conocíamos até agora as disposicións literarias do señor García pr'as farsas do Antroldo, anque sospeltábase que as tiña boas pol-o que hablamos visto de comicidade carnavalesca n-outros traballos seus.

O que non hachamos ben é que o director do *Ideal* oculte o seu nome n-esa colaboración, por eisceso de modestia. A cada un hai que darlle o seu, e non está ben que leve as glorias e os aprausos únicamente o que figura como autor do Apropósito.

Inda tratándose de cousas de Antroldo sería xusto que o señor García salise a escea a recoller o premio ós seus méritos e a súa vena farsante. Sépao, pois, o público e, cando chegue a hora de dar a cada un o que merece,

acórdese de tributarlle un homenaxe ó señor García chamándoo a escea. A modestia ten os seus límites...

Vimos o Apropósito e poldemos apreciar a participación n-él do señor García. Fixo tres esceas. Nunha fai falar o señor Abad Conde, n-outra o señor Casares Quiroga e n-outra a un orador rexionalista. Só queremos referirnos a ista última, na que o autore fai decir a un orador que todo-los postos en Galicia teñen que ser ocupados por gallegos, e gallegos teñen que ser xueces, maxistrados, obispos e hastra Dios. Pra un director d'un periódico católico ista herexía é demasiado forte, tomando a Dios como unha cousa de bulra e dina de leválo a unha farsa de Carnaval. Pro esto no nos importa; alá él co-a súa conciencia y-as autoridades eclesiásticas co seu ortodoxismo elástico pra estes casos. O que queremos deixar sentado é que esa escea tende a ridiculizar a un valente e patriota coengo que fai pouco deu no *Ideal* unha lección ó señor García. Este non lle contestou e falno agora dese xelto, valéndose do anonimato e recadando a complicitade d'un testafarro, vulgo firmón.

Ante esta nova manifestación do talento do señor García, nos propoñemos unha idea: que as esceas do Apropósito feitas pol-o director do *Ideal* sexan editadas por *Estudios Gallegos* pra enriquecer a súa biblioteca e escoller así canto val na literatura y-o arte galegos. O señor García, gardando o anonimato, non pode privar d-esta adquisición a *Estudios Gallegos* así como non pode privar ó público de que o chame a escea o día do estreno pra demostrarlle a súa admiración.

Metamorfosis

Eu tiña un desevo:
¡quería ser Froil!
E-un día, unha fada,
rosfiña chelrosa, xentil, me tornou.
Lucín no teu pelto,
sentín os latexos do teu corazón.
¡O lume era tanto e-estaba tan perto
que a rosa queimou!

¡Aas! ¡Aas! pedín, logo,
trocando de afán.
E a fada, outro día,
volveume paxaro de soave cantar.
Cantigas de amores
trinel na tua rexa, rendido galán.
¡A neve do inverno fireume na gorxa,
tolléndome as áas!

Pedín ser ledicia
E-a fada tamén
axfiña tornoume
soldo de ledo, ridor cascabel.
Surrín nos teus belzos,
brincando nos ollos, na frente e nas séns.
¡Teu mozo unha noite, bicóute... de celos
tristeira fiquell!

¡Non vía camiño,
e quixen ser Dórl
Encheuse de néboas
de bágoas e feles o meu corazón.
Miña alma, doente,
buscando consolos a ti me levóu.
¡Un día... outro día... e o dor nunca morrel!
¡E sempre é maor!

RAMÓN CABANILLAS.

Conservatorio de Arte Galego

Na seición de Declamación, dende que se acha constituída, vense traballando a cotío. Son profesores d'ista seición o notable pintor escenógrafo Camilo Díaz e Fernando Osorio, primeiro premio do conservatorio de Lisboa no arte teatral, mestre concenzudo e de moitísimo talento que sabe o que ensiña coma poucos na Hespaña. Fernando Osorio o mesmo ós señores que ás señoritas alumnas failles decatarse perfectamente do carácter dos persoaxes que intelpretan, da época en que autúan e dos costumes d'isa época. Ilustra os alumnos de maneira admirabre, sementando nas suas almas un fondo amore pol-o arte.

Agora veñen ensaiando «As alegres comadres de Windsor» de Shakespeare, obra xenial que terá de ser moi gabada canda seña levada a escea. Non hai hoxe no teatro castelán ningún profesor de declamación capaz de superar a Fernando Osorio.

Tamén axiña s'abrirán crases de música no noso Conservatorio.

Esta obra patriótica debería ter o apoio de tódol-os bós galegos.

Nos di o Xuez de Carballo...

Carballo, 20 de Febrero de 1919.

Muy distinguido y Sr. mío: Para no quedar bajo el peso del sinnúmero de inexactitudes lanzadas por algunos elementos al hacer relación de los luctuosos sucesos de Sofán; y con el único fin de defender mi honra y mi dignidad contra los ataques que de una manera insidiosa se me dirigen espero merecer de su probada caballerosidad se sirva dar cabida en el periódico de su digna dirección a las siguientes afirmaciones:

Primera. Los sucesos de Sofán no ocurrieron al dar cumplimiento a diligencias acordadas por este Juzgado de Instrucción ni es concebible mas que partiendo de la infamia y de la mentira que esto pueda afirmarse por ninguna persona de este pueblo. Conste pues que el Juzgado de Carballo no acudió ni tenía para que acudir al mencionado lugar el día en que ocurrió la inmensa desgracia que todos profundamente deploramos.

Segunda. El que suscribe, con objeto de consultar personalmente a sus superiores cosas propias del cargo que desempeña salió en ese día, a las 14'30, en el automóvil que va a la Coruña; esto es, cuando no habían ocurrido los sucesos, no regresando de dicha ciudad hasta el día siguiente de ocurridos en que llegó a Carballo a las 11'30.

Tercera. Ese mismo día y en las primeras horas siguiente a mi regreso se dictaron por este Juzgado las disposiciones necesarias

para prestar asistencia facultativa a los heridos.

Cuarta. Mientras el sumario estuvo a mi cargo no se llegó a reclamar absolutamente para nada el auxilio de la Guardia Civil ni se verificó, de orden mía, detención alguna.

Quinta. De mi conversación con el señor presidente de la Audiencia solo él puede hablar; no yo, porque sería faltar al respeto que debo al superior; mas si afirmo que no es exacta la versión que publica *El Noroeste* del 19 del corriente, estando por el contrario de perfecto acuerdo con la que *El Ideal Gallego* de hoy recoge, al parecer, de lablos de la superior Autoridad antes citada.

Gracias muy rendidas Sr. Director, por la hospitalidad que espero ha de dispensar a estas líneas y reciba el más atento saludo de su seguro servidor q. e. s. m.,

ANTONIO SÁNCHEZ DE ANDRADE.
Juez de Carballo.

NOTAS ÍNTIMAS

Noso querido irmán don Antonio Ferro, deixou por unha tempada a sua terra, para atender os seus importantes negocios de Cuba.

O señor Ferro é un dos nosos paisanos feitos na emigración que de maneira mais crara soubo ver cales son as necesidás de Galicia. Na *Irmandade* da Cruña, o mesmo que na do Ferrol, conta con tódalas simpatías. E méreceo pol-o fondo dos seus entusiasmos e pol-o despexo da sua intelixencia.

Aquí cantos somos galeguistas de corazón querémolo cordialmente. Como sentimos tamén verdadeiro afeuto pol-a sua distinta familia.

Non terá, pois, nada d'estrano que desexemos coa i-alma poder voltar a velo axiña cabo nós.

* * *

Lois Pena Novo o dino persidente da *Irmandade da Fala* da Cruña casouse fai poucas datas c'unha fermosa señorita, pertencente en calidá de tesoureira, á seición femenina d'aquela asociación; con Ermitas López Verdes.

Con verdadeira ledicia escribimos istas liñas, facendo votos porque a nova parella conquira no camiño da vida cantas satisfaiçós e éxitos merece.

POL-A TRAXEDIA DE SOFÁN

Unha assembleia na "Irmandade"

Na «Irmandade da Fala» da Cruña celebrouse unha assembleia para protestar contra os bárbaros feitos de Sofán e para acor-

dare esixir ás responsabilidás consiguientes ós culpabres d'aqueles.

O salón da «Irmandade» estaba cheo de público. Espricou o ouxeto da xuntanza o señor Pena Novo.

Logo falaron o persidente das sociedades labregas «Unión campesiña» o persidente da «Xuventú Socialista» da Cruña señor Longueira, o segredario da «Asociación de Dependientes de Comercio», o señor Villar Ponte, o señor Branco Torres, e o señor Casares Quiroga, representante do «Casino Republicano»

Tamen tivo unha representación o Centro Lucense e outra o xornal *El Noroeste*.

Todol-os oradores falaron en senso radical respecto ó caciquismo miserabre que asoballa a nosa Terra, facendo dos labregos escravos.

Pero a nota mais simpática douna unha señorita que falou en nome da seición femenina da Irmandade. Esta señorita, nova e fermosa, co'as meixelas roxas e os seus ollos conqueredores escintilantes efecto da xenreira que sintía, espresou a dor das mulleres dinas ante o fusilamento das irmás labregas na aldea de Sofán. Foi moi gababa.

Tódalas representaciós que acudiron á assembleia puñéronse d'acordo para facer o que mais comenente se coide.

O abogado de Carballo señor Peinador que prometera dar unha conferencia espricando a traxedia, á derradeira hora dixo que non podía vir á Cruña hastra outra data.

CANTARES

Que ti brindábasme os labios
onte de noite soñel,
e-o querelos eu bicare,
remexlame e despertel.

Tes dous carros, tes dous bols,
catro leiras e un enclín,
eu en troques sollo teño...
¡sollo teño un gran carño!

Cando fito eses teus ollos
de doce mira'a meig',
no fondo da miña i-alma
sinto que o amor se despert'.

MANOEL ROEL.

Peneirando...

Carlño, vila importante do condado d'Orti-gueira, c'un porto pesqueiro e industrias de salazon, hastra o d'agora non tñia estafeta de correlos.

¿Por qué acaban de concederlla? Porque decatáronse do seu xeito rebelde, e o caciquismo ante a rebeldía popular procede sempre así:

primeiro tratando d'engayolar ós que se sinten libres, e si non consegue a sua sumisión c'unha estrada, un camiño, unha escola ou unha estafeta, logo chama o máuser na sua axuda.

¿Pero non era de xusticia que Carlño, dende xa fai moitos anos, tivese unha oficina de correos? Darlla agora cando se rebela, e coma demostrar que os cuneiros portáronse mal con aquel pobo. É como demostrar tamén que un pobo libre manda sempre sobr'o diputado e sobre todos.

Nun pobo libre non pode haber mal diputado.

E ¿será posibre que Carlño volva a someterse á escravitude porque en pieno século XX lle concedan unha probe estafeta que debería ter xa fai mais de cincoenta anos?

Lle debesdes carñeses á señora Rebeldía e non a ningún cuneiro isa cativa millora.

Quen ll'agradeza ó Alonsiño ou é un probe d'espírito, nado para escravo, ou un... futuro cacique.

¡Carlño, Carlño que volves a chantarte na lama astorgana!

II II II

Coma de cote por ista tempada, a vila de Padrón viuse inundada pol-as augas dos seus ríos.

¿Non é Gasset o político hidráulico quen caciquea en Padrón?

Pois poden estarlle moito obrigados os padroneses.

II II II

Lachica dixo no Congreso que si de sigüiren as cousas com'agora tería de marchar a vivir n'unha vila onde non haxa Universidade.

Non, señor Lachica. Inda hai pobos universitarios onde disfrutaría de moitas amizades e agarimos: Santiago, verbigracia.

V ña a Santiago, e verá como temos razón. Verá coma inda, alí, pode chegar a Delegado rexio da Escola de Veterinaria ou algo mais si cadra.

II II II

Por certo que cando vexades a estatua do vicño pol o chan...

En Córdoba fól derrubado o monumento a Barroso. Barroso—cacique andaluz oriundo de Galicia para a nosa disgracia—era un esquexe da arbre do montelrismo que tendo as suas raíces en Lourizan espallounas por tod'a terra galega... e aínda mais.

E en Santiago tamén hai monumentos que levarán o mesmo homenaxe que o de Barroso en Córdoba.

Pois abofellas o merecen.

II II II

E certamente témos que ir pensando xa en erguer o monumento perpetuador do triunfo das nosas liberdades.

Un monumento de catro caras. Unha consagrada a Osera, outra a Nebra, outra a Narón e outra a Sofán.

¡Que motivos de fonda inspiración para un escultor xenial!

Leváronnos da Cruña o Museo Romero Ortiz.

Nada mais sintomático do triste desamore que os galegos dende fai moitos anos veñen sintindo pol-a súa terra.

¿Qué catalán, qué vasco facería un testamento deixando unha biblioteca ou un museo para entidás de fora do seu país?

Fatal desleigamento o noso.

O plor é que os xornás cobardes non din isto, que era a maneira d'insiniar ós cativos patriotas.

II II II

Un colega local, para darlle maor amb nte ó estreno na vila-charca-cortesana da derradeira obra de Linares (amanuense no *Imparcial* da Mary Focela) comenzo a botar bombas de "adxetivita", que por acó chamamos bombos. O bombardeo é terrible.

Endeben. A "Casa da Troya", parezoa unha novela chea de cordialidá e mol amera. Ben levada a escea gustará o público.

Pero queremos deixar hoxe puntuallizada unha cousa. Lugán é galego. Según a lei son galegos tódol-os fillos de país nados na nosa Terra. De xelto que, quéira ou non *Don Pío*, e d'acó. E acó s'educou ademais...

¿Estamos? Pol-o mesmo non é galego por facernos favor, senón galego porque é...galego.

II II II

Caeu o Goberno. Pero inda fica no poder o romanonismo. E volta a sufrir istes tristes lberás que trouxeron mais cousas realcionarlas que os mesmos noxentos conservadores.

Acordalvos da europea e civil lei e xurisdiclés.

O Réxime val de mal en plor.

¡Pobre país!

E hai xornás que falan de Portugal con imbécil ironía.

En Portugal hai dindade. En Portugal hai homes que espoñen a vida pol-as ideas. En Portugal botaron os Braganzas culpabres da

decadanza d'aquel país. En Portugal non hai lei de xurisdiclés, nin fusilamentos d'estudantes e mulleres.

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

Farmacia Europea

— DE —

López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Monta da con arrego ós derradeiros adiantos.

Obras de Leandro Carré

Contos e diálogos, 60 céntimos.

Tolerías, 50 céntimos.

Pedilas nas boas librerías, ou ao seu autor, San Roque, 6, 2.º, enviando 25 céntimos mais para seren remitidas por correo certificado.

SASTRERIA

— DE —

EMILIO MUÑIZ

¡TRAXES ULTIMA NOVEDA!

N'este acreditado estabrecimento fanse traxes á medida con arrego á última moda e a prezos económicos.

ESMERO E PRONTITÜ

CONTA CON BOA CLIENTELA

CABALLEROS, 116, BAIXO

A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR-SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

—Adeus, Fuco.

—Adeus, Xan.

—Pra onde vas.

—Bouche pr'á casa do noso irmán,
A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguerme un traxe d'aqueles qu'él fai tan bos e xefosos.

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS GRAS FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Froiteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA**RÚA XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

RAMOSE ACEA

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, lociós e fricciós de todas clases.

Nota: N' este establecemento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeltoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastería de

Xosé Varela

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

GRAN FONDA
Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102. — A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deseño de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no no máis céntricos da poboación, axeitado á altura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

Abonos Químicos Mineraes**Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH**

Rexenerador ROSTTAM pra os animaes debles, pra que as galliñas poñan máis ovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.ª — A CRUÑA**Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia
Reumatismo, Artritis deformantes
Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete 1 isotéropico: Consultas de 10 a 12
Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquina a Picavia)

A CRUÑA**VIÑOS FINOS****RIOXA = MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA = A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión


Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21 — LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana.
Veracrús

Ptas. 298 60
313 60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana, a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clase d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.